

**ACTA DA ASEMBLEA XERAL DE SOLIDARIEDADE GALEGA
23 DE FEBREIRO DE 2013**

Na Coruña, na biblioteca da Casa Museo de Casares Quiroga (rúa Panadeiras, 12), sendo as once horas do día vinte e tres de febreiro de dous mil trece, reúnese, en segunda convocatoria e en sesión ordinaria, a Asemblea Xeral da ONGD SOLIDARIEDADE GALEGA, previa convocatoria do seu presidente.

ASISTENTES:

- XUNTA DIRECTIVA (7):

Presidente: Enrique Rodríguez Álvarez
Tesoureira: Xoana Pérez González
Vogal 1ª: María José Muñiz Agrelo
Vogal 2ª.Mª Purificación Taibo Casás
Vogal 4ª: Concepción López Sánchez
Vogal 5ª: Lourdes Bermello López
Secretario: Antón Xosé González Artiaga

- SOCIAS/OS (5):

Roberto Méndez Gallart
Antía González Pombo
José Ramón López Menguíña
Moisés Rey Martínez
Herminia Pintado Conde

(Asiste o 5,6 % da base social, que a 31/12/2012 ascende a 212 socios/as)

- ORDE DO DÍA:

- 1º.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CELEBRADA CON DATA 3 DE MARZO DE 2012
- 2º.- ACTIVIDADES REALIZADAS EN 2012
- 3º.- APROBACIÓN E RATIFICACIÓN DE CONVENIOS
- 4º.- PROXECTOS EXECUTADOS EN 2012
- 5º.- PROXECTOS A EXECUTAR EN 2013
- 6º.- LIQUIDACIÓN E CONTAS DO EXERCICIO 2012
- 7º.- ORZAMENTO PARA O EXERCICIO DE 2013
- 8º.- RENOVACIÓN DE CARGOS NA XUNTA DIRECTIVA DE SOLIDARIEDADE GALEGA
- 9º.- ROGOS E PREGUNTAS (QUENDAS DE INTERVENCIÓNS)

1º.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CELEBRADA CON DATA 3 DE MARZO DE 2012

Aberta a sesión pola presidencia, dáse lectura á acta da Asemblea Xeral anterior celebrada con data 3 de marzo de 2012, que é aprobada por unanimidade dos asistentes.

2º.- ACTIVIDADES REALIZADAS EN 2012

- Funcionamento da ONGD en 2012:

A) Asemblea Xeral Ordinaria, celebrada o 3 de marzo de 2012, á que asistiron 14 socios/as, é dicir, o 6,5 % da base social (214).

B) Xunta Directiva, celebrou en 2012 un total de catro sesións, con datas 27 de febreiro, 16 de xullo, 10 de setembro e 18 de decembro.

C) Socios/as: A 31 de decembro de 2012 o número de socios/as da ONGD son 212.

- Actividades da ONGD en 2012:

1º.- Participación na convocatoria de microproxectos da Xunta de Galicia co proxecto “Formación en saúde sexual e reprodutiva a novas líderes comunitarias no norte de Nicaragua”. Esta solicitude non foi aprobada na resolución da convocatoria da Xunta.

2º.- Actualización anual da ONGD no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación da Xunta de Galicia (Decreto 90/2011, do 5 de maio, que modifica o Decreto 326/2004)

3º.- Universidade da Coruña: No mes de agosto de 2012, Solidariedade Galega e a UDC enviaron ao Instituto de Liderazgo de Las Segovias (Mozonte, Nueva Segovia, Nicaragua) 232 cadeiras de pa e 12 pupitres dobres e 24 cadeiras, tamén diverso material escolar e sanitario. Debe facerse constar o agradecemento desta ONGD ás persoas e entidades como Pescanova-Bajamar7, Talleres Reunidos Beges e o transportista Benito Veiga Martínez que colaboraron desinteresadamente na preparación embalaxe e transporte dos palets co material. Neste mes de febreiro realizouse un segundo envío de material docente de 24 pupitres dobres e 48 cadeiras, como doutro material escolar e sanitario.

4º.- Coordinadora Galega de ONGD: Esta ONGD participou na Coordinadora, durante o ano 2012, na súa Xunta Directiva (José Manuel Pérez Otero) e na Comisión de Normativa e Código de Conduta (Antón González Artiaga). Participa, xunto con outras 4 ONGD, na primeira fase do cumprimento dos indicadores de transparencia e bo goberno. Asistiuse ás Asembleas Xerais da Coordinadora celebradas durante 2012.

5º.- Voz Natura 2012: Participouse na edición de 2012 de Voz Natura celebrada con data 2 de xuño de 2012 na Universidade Laboral en Culleredo.

6º.- Colexio Oficial de Médicos da Coruña: Participouse na actividade organizada pola ONGD Médicos Sen Fronteiras, celebrada o día 2 de outubro de 2012 e na que participou o presidente de Solidariedade Galega Enrique Rodríguez Álvarez.

7º.- Actividade: Mostra fotográfica Fondo Galego, “Nicaragua: Unha realidade viva” Mostra itinerante polos Concellos de Galicia da colección “Nicaragua 2009”, realizada polo Fondo Galego d Cooperación e Solidariedade.

8º.- Visita, no mes de outubro, da Directora do ILLS, Haydeé Castillo Flores, e reunión con voluntarios da ONGD celebrada nesta Biblioteca da Casa Museo casares Quiroga.

9º.- Visita, no mes novembro, da secretaria e unha técnica do ILLS, Karlita e Meyling, asinándose durante a súa estancia un convenio de colaboración entre a Universidade da Coruña e o ILLS, no que interviu dunha forma directa Solidariedade Galega.

3º.- APROBACIÓN E RATIFICACIÓN DE CONVENIOS

Dáse conta, e sométense a aprobación e ratificación os seguintes convenios:

1º.- Convenio entre Solidariedade Galega e Instituto de Liderazgo de las Segovias, para a execución do proxecto 3ª fase da construción do ILLS, en Mozonte, Nueva Segovia (20/02/12).

2º.- Convenio (248/2012) entre Solidariedade Galega e a Deputación Provincial da Coruña, para cofinanciar a construción da 3ª fase do Instituto de Liderazgo de las Segovias (08/07/11).

En relación presente convenio, dáse conta do acordo da Xunta Directiva do 18/12/2012, sobre a posibilidade de que a ONGD adiante un 40 % da subvención da Deputación Provincial da Coruña, a metade da obra, e posteriormente se desconte ao recibo do último pagamento da subvención.

A Asemblea Xeral acorda, por unanimidade dos asistentes, ratificar a aprobación dos convenios anteriormente relacionados e ratifica o acordo da Xunta Directiva do 18/12/2012.

4º.- PROXECTOS EXECUTADOS EN 2012

Durante o exercicio de 2012, executáronse os seguintes proxectos de axuda humanitaria e cooperación ao desenvolvemento:

- A – Proxecto Kara – Togo 2012
- B – Proxecto 2ª fase construción ILLS – Mozonte

Proxecto de Kara – Togo 2012:

Como xa se informara na reunión anterior da Asamblea Xera, do 3 de marzo de 2012, dáse conta do proxecto de axuda humanitaria TOGO 2012, que se executou entre o 9 e o 24 de marzo de 2012, en colaboración coa ONDG murciana Azul en Acción, centrado en asistencia oftalmolóxica na rexión de Kara, norte do país, a 412 quilómetros da capital togolesa Lomé.

Por parte de Solidariedade Galega, participaron as voluntarias e socias M^a Josefa Pombo García (oftalmóloga) e Antía González Pombo (xornalista) e o voluntario e socio Antón González Artiaga (loxista); e, por parte de Azul en Acción, participaron 20 voluntarias/os, entre oftalmólogas/os (5), anestésistas (2), enfermeiras/os (7), óptico (1) e loxistas (5).

Realizáronse 177 intervencións cirúrxicas de cataratas, 1 intervención cirúrxica de glaucoma, 21 cirurxías de pterigium, 448 graduacións e doazóns de gafas, 45 tratamentos de tracoma, 56 lesións corneais, 71 ametropías, 404 cataratas detectadas non operadas, 19 oncocercosis, 432 conxuntivitis tratadas, 88 glaucomas tratados, 196 casos de distinta patoloxía oftalmolóxica, 83 pterigium detectados non operados e 212 doentes sen patoloxía; en resumo 2.286 consultas realizadas.

A brigada de Solidariedade Galega, fíxose cargo dunha consulta na Parroquia de Don Bosco, pola que pasaron máis de 1.400 persoas e dende a cal se remitían ao Hospital Ciudad de Murcia, os casos máis urxentes para cirurxía da catarata e pterigium, graduando e doando máis de 350 gafas, o penúltimo día a oftalmóloga da brigada operou, xunto con outro voluntario de Azul en Acción, 21 pterigium.

A xornalista da brigada elaborou diariamente o blog “Esto es Togo” e que ata tivo máis de 6.500 visitas.

Dende o punto de vista da infraestrutura despregada sobre o terreo, non é doado realizala sen o indispensable apoio dos 5 técnicos dos que dispoñía Azul en Acción (estiveron traballando tres días antes de iniciar a actividade cirúrxica) e outro día para desmontar e recoller a referida infraestrutura. A posibilidade de ir a brigada en solitario é moi ariscada pola posta en funcionamento de toda a infraestrutura técnica necesaria e polos desprazamentos (Lomé-Kara-Lomé, atención ás Comunidades e dificultades do idioma). Por parte de Azul en Acción non existe inconveniente en que en futuras campañas volva a contar con voluntarias/os de Solidariedade Galega.

En resumen podemos considerar esta experiencia como moi positiva para abrir unha vía de colaboración con Azul en Acción no terreo da asistencia especializada en oftalmoloxía en Togo.

Dende o punto de vista do financiamento, os gasto deste proxecto ascenderon a 3.936,26 € (Desprazamentos 2.967,82 €; seguros 65,76 €; manutención, aloxamento e outros gastos diversos 902,68 €) que foron financiados polos tres voluntarias/o de Solidariedade Galega.

A Asemblea Xeral queda informada, dando a súa aprobación ao informe final presentado do proxecto Togo 2012, agradecéndolles as/o voluntarias/o desprazados o seu traballo e dedicación.

Proxecto 2ª fase construción ILLS – Mozonte

Dáse conta á Asemblea Xeral da execución do convenio asinado, con data 8 de xullo de 2011, coa Deputación Provincial da Coruña para o cofinanciamento da construción do Instituto de Liderazgo de las Segovias, segunda fase, en Mozonte, Departamento de Nueva Segovia, Nicaragua.

Por parte da secretaría infórmase que a nosa contraparte, a ONGD nicaragüense FUNDEMUNI-ILLS, remitiu a documentación xustificativa da inversión realizada e contemplada no convenio, que ascende a 45.400 €, financiados pola Deputación da Coruña cunha achega de 34.000,00 € e Fundemuni/ILLS que achegou 11.400,00 €; someténdose a esta Xunta Directiva a aprobación das certificación de obra, recibos de pagamento e resto da documentación (contrato, acta de recepción final de obra, documentación gráfica, etc.), que integran o expediente xustificativo do cumprimento total obxecto do convenio.

Realizada a tramitación da xustificación por parte da Deputación Provincial da Coruña, recíbise en conta desta asociación o importe do segundo pagamento por importe de 13.115,97 €, existindo unha minoración na achega da Deputación de 484,03 € por efecto do cambio de moeda.

Con data 22 de setembro de 2012, coa asistencia casual en Nicaragua do presidente, secretario e voluntaria desta ONGD, inauguráronse as aulas desta 2ª fase en Mozonte.

A Asemblea Xeral, por unanimidade dos membros presentes, acorda quedar informada da execución deste proxecto.

5º.- PROXECTOS A EXECUTAR EN 2013

Antes pasar a dar conta dos proxectos previstos para executar no 2013, infórmase á Asemblea Xeral sobre a necesidade de modificar o acordo adoptado na Asemblea Xeral, en sesión celebrada con data de 28 de marzo de 2009, sobre elaboración e participación en proxectos a executar pola ONGD. En concreto no referente ao período mínimo de duración dos proxectos (3 semanas) e o importe mínimo de financiamento alleo (75%). A proposta é deixar sen efecto estas dúas condición e tendo presente a situación actual pola que pasa a cooperación internacional como consecuencia da creses.

A Asemblea Xeral, por unanimidade dos asistentes, acorda modificar o acordo adoptado na reunión do 28 de marzo de 2009, deixando sen efecto as condición referidas ao tempo de duración dos proxecto e o referido ao límite de financiamento alleo dos proxectos.

Para o exercicio de 2013, están previstos a execución dos seguintes proxectos de axuda humanitaria e cooperación ao desenvolvemento:

- A – Proxecto Kara – Togo 2013
- B – Proxecto 3ª fase construción ILLS – Mozonte

Proxecto Kara - Togo 2013:

Por parte da ONGD Azul en Acción de Murcia, se formula invitación para participar, como sucedeu no ano de 2012, no proxecto de axuda humanitaria en Kara-Togo, estando previsto a súa realización na primeira quincena de outubro de 2013, sendo un proxecto de asistencia oftalmolóxica, para o cal dúas voluntarias e socias desta ONGD (Mª Josefa Pombo García e Rosa Arroyo Castillo) deron a súa conformidade de participar no mesmo, e sempre que a Xunta Directiva e Asemblea Xeral aprobe a participación desta ONGD e as condicións en relación co período (15 días) e o seu correspondente financiamento.

A Asemblea Xeral acorda ratificar o acordo da Xunta Directiva (18/12/2012) de aprobar a realización do presente proxecto

Proxecto 3ª fase construción ILLS – Mozonte:

Como tivo coñecemento esta Asemblea Xeral na súa reunión do 3 de marzo de 2012, a solicitude esta ONGD, a Deputación Provincial da Coruña concedeu unha axuda de 35.000,00 € para a construción da 3ª fase do ILLS, consistente en dúas aulas e unha batería de servizos, achegando o Ills/Fundemuni o resto do financiamento polo importe de 18.338,29 €.

Con data 5 de outubro de 2012, asinouse un convenio de colaboración entre Solidariedade Galega e a Deputación Provincila da Coruña, para o financiamento da 3ª fase da construción do ILLS en Mozonte-Nueva Segovia, que se executará en 2013.

En lugar dos pagamentos do 40%, 40% e 20% (convenio inicial), pásanse a un pagamento de 40 % inicial e un pagamento final do 60 %; circunstancia que carga un financiamento do 60 % a nosa contraparte (ILLS) e, consecuentemente, ao posible contratista, circunstancia que provoca que actualmente nos trámites previos á licitación, non é posible atopar un contratista que asuma o financiamento en nas condicións de libramento da subvención por parte da Deputación Provincial da Coruña.

A proposta que se someteu á Xunta Directiva (18/12/2012) e que agora se somete a ratificación da Asemblea Xeral, é a de posibilitar que a ONGD autorice adiantar unha segunda cantidade do 40 % (14.000,00 €) á metade da obra (aproximadamente marzo-abril 2013) que posteriormente compensaríase ao recibo do segundo e último pagamento da subvención da Deputación Provincial da Coruña.

A Asemblea Xeral acorda, por unanimidade dos asistentes, aprobar a proposta e autorizar o anticipo e libramento do 40 % da axuda concedida (14.000,00 €) á metade da construción da terceira fase do ILLS.

Outros posibles proxecto para 2013:

- Hospital de Ocotol, Nueva Segovia, posible proxecto de asistencia en traumatoloxía.
- San Rafael del Norte, Jinotega, posible proxecto de asistencia oftalmolóxica e doutras especialidades sanitarias asistenciais e cirúrxicas.

6º.- LIQUIDACIÓN E CONTAS DO EXERCICIO 2012

SALDO CONTAS 2012

	INICIAL	FINAL
	01/01/2012	31/12/2012
BSCH/9195	62.994,07 €	68.753,95 €
CAIXA GALICIA 3040178562	15.299,29 €	25.984,29 €
CAIXA GALICIA 3040014964 (CAIXA NOVA)	31,52 €	16,52 €
DÓLARES USA. \$	\$1.873,62	\$1.873,62
TOTAL	78.324,88 €	94.754,76 €

MAIS

1.873,63\$

MAIS 1.873,63\$

BALANCE ANUAL 2012

INGRESOS	50.300,01 €
GASTOS	33.870,13 €
Balance	(+) 16.429,88€

INGRESOS

ANO 2012	50.300,01 €
----------	-------------

Cotas Socios		14.297,00 €
Impagados		-2.372,00 €
Ingresos socios reais	11.925,00 €	

Lotaría	5.875,00 €	<i>Venta Real lotaría 2012- >7.250€*</i>
DEPUTACION A CORUÑA	27.115,97 €	Proxecto Construcción ILLS
Concello Oleiros	4.000,00 €	
Concello Coruña	160,00 €	
Doazóns Particulares	1.224,04 €	
TOTAL	50.300,01 €	

*LOTARIA: 1500€ INGRESADOS NO 2013 E 125€ CORRESPONDENTES Ó 2011

GASTOS 2012	33.870,13 €
------------------------	--------------------

Gastos Correntes	
Coordinadora	150,00 €
Imposto Facenda- Sanción	225,00 €
Teléfono	208,97 €
Seguros	21,92 €
Correo	67,36 €
Gastos Bancarios	80,91 €
TOTAL	754,16 €

Lotaría	6.000,00 €
TOTAL G.C. + LOTARÍA	6.754,16 €

PROXECTOS	27.115,97 €
------------------	--------------------

P. DEPUTACIÓN - ILS	
Pago Fundemini ILS	13.115,97 €
Pago Fundemini ILS	14.000,00 €
TOTAL	27.115,97 €

A Asemblea Xeral, por unanimidade dos asistentes, acordan aprobar as contas e liquidación do exercicio de 2011.

7º.- ORZAMENTO PARA O EXERCICIO DE 2013

Preséntase á Asemblea Xeral o Orzamento para o exercicio de 2013 e que seguidamente se resume:

ESTADO DE INGRESOS:

- Cotas de socios/as	11.000,00 €
- Doazóns privadas	1.500,00 €
- Venda de Lotaría Nadal	7.500,00 €
- Subvencións públicas	<u>17.000,00 €</u>
- <u>Total de ingresos 2013</u>	<u>37.000,00 €</u>

Comentarios:

- Previsión de baixas como socias/os da asociación durante 2013.
- Previsión de ingresos por doazóns privadas.
- Nas subvencións públicas actualmente só temos en conta as solicitudes presentadas (Deputación 14.000,00 € e Concello da Coruña 3.000 €), pero a súa concesión pode variar o montante orzado inicialmente.

ESTADO DE GASTOS:

- Persoal	0,00 €
- Gastos formación	3.000,00 €
- Gastos correntes	8.000,00 €
- Gastos investimentos	6.000,00 €
- Proxectos 2013	<u>20.000,00 €</u>
- <u>Total de gastos 2013</u>	<u>37.000,00 €</u>

Comentarios:

- A consignación para cursos ten como finalidade facilitar a asistencia das/os socias/os voluntarias/os a cursos de formación en axuda humanitaria e cooperación ao desenvolvemento.
- O crédito para gastos correntes pretende financiar os habituais de teléfono, páxina web, papelería, cotas a asociacións de cooperación, correo postal e gastos bancarios, como tamén dun futuro pintado exterior da sede social e adquisición, se procede, da lotería para o Nadal 2013.
- O gasto en investimento está pensado en adquirir material informático ou sanitario.
- O crédito dos proxectos están en relación coas solicitudes formuladas á Deputación Provincial (3ª fase ILLS) e ao Concello da Coruña (Togo).

A Asemblea Xeral aproba, por unanimidade dos asistentes, o Orzamento para o exercicio de 2013, polo importe de 37.000,00 €.

8º.- RENOVIACIÓN DE CARGOS NA XUNTA DIRECTIVA DE SOLIDARIEDADE GALEGA

Por acordo da Xunta Directiva do 18 de decembro de 2012 e en base aos artigos 23 e 24 dos Estatutos da asociación, acórdase convocar eleccións a todos os cargo do devandito órgano colexiado.

Para a presentación de candidaturas determínase o período dende o 17 de xaneiro ao 2 de febreiro de 2013, durante o cal non se presenta ningunha candidatura.

Por acordo da Xunta Directiva adoptado en sesión de data 7 de febreiro de 2013, ante esta situación e a dimisión de varios dos actuais membros (5), acorda someter á Asemblea Xeral a renovación dos cargos da Xunta Directiva.

A Asemblea Xeral, por unanimidade dos asistentes, acorda aceptar a dimisión presentada por varios (5) membros e aprobar a seguinte composición da Xunta Directiva:

Presidente: Enrique Rodríguez Álvarez
Vicepresidenta: Mónica García Casás
Secretario: Antón González Artiaga
Tesoureiro: José Ramón López Menduña
Vogal 1ª: Herminia Pintado Conde
Vogal 2ª: Marta Chamosa Prado
Vogal 3ª: Purificación Taibo Casás
Vogal 4ª: Moisés Rey Martínez
Vogal 5ª: Rosa Arroyo Castillo

Ao mesmo tempo, a Asemblea Xeral quere agradecer ás persoas que cesan nos seus cargos, Xoana Pérez González, María Muñiz Agrelo, Guadalupe Pérez-Lafuente Leiro, Concepción López Sánchez e Lourdes Bermello López, o seu traballo e colaboración amosado durante o tempo de permanencia na Xunta Directiva.

9º.- ROGOS E PREGUNTAS (QUENDAS DE INTERVENCIÓNS)

Non se formularon.

Non existindo máis asuntos que tratar, remata a reunión da Asemblea Xeral sendo as doce horas e corenta minutos, no lugar e data ao inicio indicada, elaborándose pola Secretaría a presente acta.

O presidente

Enrique Rodríguez Álvarez

O secretario

Antón Xosé González Artiaga